



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA PARA O ESTUDO E INVESTIGACIÓN DOS ESGRAFIADOS NA RIBEIRA SACRA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Consorcio Turismo da Ribeira Sacra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a documentación e investigación do legado do esgrafiado na Ribeira Sacra como elemento diferenciador que culmine cunha publicación para a súa posta en valor e que sirva de base técnica das actuacións materiais que se podan realizar nun futuro. Así mesmo, é prioritario iniciar a recuperación dos encintados/esgrafiados máis senlleiros e/ou de maior valor patrimonial danados polo paso do tempo e polos axentes corrosivos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.





No exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, e de conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. Os consorcios locais son Entidades Locais dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos que veñen determinados nos seus respectivos estatutos.

**Terceiro.-** No artigo 5º dos Estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, establécense como fins do mesmo: planificar, xestionar e promover o desenvolvemento turístico da zona, fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinando todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto no ámbito do consorcio, fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona entre outros.

**Cuarto.-** Coas actuacións deste convenio preténdese estudar, recuperar e divulgar un potencial da nosa tradición cultural, que vai dos encintados aos esgrafiados, como recurso ofrecido para a propia comunidade e o turismo do noso tempo. Configurando unha nova icona, unha nova memoria colectiva nos veciños e unha nova imaxe nos visitantes da Ribeira Sacra.

Que a través deste convenio, outórgase ao Consorcio Turismo Ribeira Sacra unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

